

ACTIVIDADES RECOMENDADAS PARA ESTES 14 DÍAS SEN CLASES.

1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA

LECTURA DIARIA. Procurarase que o alumnado lea tódolos días un pouco, pode facelo só ou en compañía dalgún familiar. Despois da lectura poden comentar o lido ou facerlles preguntas. O libro ou conto debe estar adaptado ao nivel lector que teña o neno/a coa idea de que poida fortalecer a súa autoestima coa lectura (nunca ao contrario).

XOGOS MATEMÁTICOS. Poden facelos orais ou escritos, como prefiran:

Comezar nun número e ir de 2 en 2 ata 100. De 3 en 3 e de 5 en cinco.

Comezar nun número inferior a 40 e ir cara atrás de 2 en 2, de 3 en 3 ou de 5 en 5.

A numeración ata o 100 con xogos nos que lle propoñamos un número e lle engadamos un máis, un menos, cinco máis, cinco menos, dez máis, dez menos.

Buscar dous números que sumen 10 ou 20,... (calquer número ata 100) ou darlle unha suma co resultado onde eles teñan que adiviñar un dos sumandos.

Darlle sumas ou restas indicadas e que as coloquen eles/elas e as resolvan (sen levadas).

Tamén son interesantes os xogos nos que sexa necesario facer pequenas e sinxelas sumas e restas como: baralla, oca, parchís, xogos con moedas (comprar e vender), dominó, xogo do uno... e outros que poidades ter na casa.

Puzles, construción, axedrez,...

ACTIVIDADES DO EIDO DAS CIENCIAS NATURAIS.

Como estamos rematando o traballo da ALIMENTACIÓN, unha actividade que poden realizar relacionada con isto é a elaboración dunha receta sinxela, na que escriban eles/as o nome da receta, os ingredientes, así coma os pasos a seguir para a súa elaboración. Tamén a poden poñer en práctica e sacarles fotos que logo explicarán e ensinaranlle aos seus compañeiros/as.

E o traballo que comezaremos a continuación será o dos ANIMAIS e para que eles vaian mirando un pouco este tema poden elixir un animal calqueira e facer un lapbook sobre el. Despois expoñeranno na clase e explicaranllo aos seus compañeiros.

Esperemos que esta crise remate pronto e poidamos voltar ao centro o antes posible.

Moitos ánimos e paciencia. Unha aperta a distancia.

Maika. Titora de 1º E.P.